

CONCURSO XERAL DE TRASLADOS

O Concurso Xeral de Traslados 2019/20 ten carácter autonómico. A Consellaría mantén o criterio das últimas convocatorias e ábreo para que poida pedir destino calquera docente destinado fóra de Galiza.

Desta medida preocupáanos

que non existe entre a

Xunta e as demais

CC.AA. ningún

compromiso de

reciprocidade, de

tal maneira que

non se asegura

que docentes con

destino en Galiza

poidan pedir fóra.

Isto pode ter

incidencia nos

postos de traballo de

persoal interino.

Sabemos que son poucas

as persoas que entra e saen

mais en determinadas listas esta

situación pode implicar quedar sen traballo.

Solicitamos:

- Que non se oferten prazas naquelas especialidades nas que non hai funcionariado de carreira en Galiza (especialidades de EOI, réxime especial, FP, etc...). [Aseguran que isto non suporá un problema mais non o asumen. A CIG-Ensino defenderá nas Xuntas de Persoal](#)

[que esas vacantes non se incorporen ao concurso.](#)

- Que todas as especialidades teñan perfil lingüístico. [Non o aceptan.](#)

- Que se incorpore no baremo, como teñen outras

comunidades con linguas propias unha puntuación específica para o coñecemento do galego. [Non o aceptan.](#)

Solicitamos datas concretas.

O Concurso publicárase en outubro, non figuran as datas nas que a

Consellaría publicará as

vacantes provisionais e

definitivas. Solicitamos que se

recollan as datas de publicación da baremación e de adjudicacións provisionais e definitivas.

Para facilitar que as vacantes provisionais se poidan coñecer antes de que remate o prazo de presentación de instancias propomos que se retrase a publicación até o mes de novembro, que se fixe un calendario de negociación das vacantes nas 4 xuntas de persoal e de publicación desas vacantes. Se damos ese paso adiante estaríamos

Publicarase en
outubro.

Non se adjudicarán de oficio nin se incluírán no código da localidade prazas bilingües nin itinerantes.

Non vai haber Concurso de
EPAPU.

solucionado o outro principal problema do concurso: pedir destinos a cegas.

Facemos unha proposta do proceso de negociación de vacantes:

- 👤 Fixar unha data para que as direccións entreguen a solicitude de prazas para o CXT á inspección educativa.
- 👤 Fixar unha data para que as catro xefaturas de inspección fagan entrega da proposta de vacantes ás OO.SS. de cada xunta de persoal (XP).
- 👤 Estabelecer datas para negociar as vacantes nas XP
- 👤 A data de publicación das vacantes provisionais debe coincidir coa publicación do CXT e, en todo caso, ser antes do remate do prazo de presentación de instancias.

[Non aceptan incluíla dentro da Orde, pero si dar instrucións coas datas.](#)

Vacantes

Como fixemos publicamente, temos unha clara valoración positiva da negociación de vacantes do curso pasado. Reducimos un 14% o número de docentes en expectativa. Esa cifra non pode aumentar. O elevado número de xubilacións que se agarda neste anos tenos que levar a seguir mantendo ofertas amplas nos concursos. O noso obxectivo segue a ser reducir á mínima expresión o tempo de provisionalidade antes de acadar un destino definitivo.

Alertamos da necesidade de que a Dirección Xeral se implique en todo o que ten que ver co concurso, coas vacantes, etc... Asumimos o compromiso, pola insuficiencia de recursos nos servizos centrais, da negociación de

vacantes nas Xuntas de Persoal mais esiximos un control:

- 👤 Que se aproben as datas que propoñemos para a negociación e publicación de vacantes
- 👤 Que a revisión de posíbeis cambios de prazas se faga nos servizos centrais para velar polo cumprimento da base segunda:

Na resolución pola que se fagan públicas as vacantes definitivas se suprimirán aquelas vacantes anunciadas na resolución provisional nas que se e producira un erro de definición nas mesmas ou se trate de prazas cuxo funcionamento non se encuentre previsto na planificación escolar.

A sentenza que gañou a CIG-Ensinho hai dous anos é ben clara ao respecto: toda modificación ten que estar claramente xustificada. Esa supresión de vacantes debe vir precedida dunha reunión coas organizacións sindicais nas que se proporcionen todos os datos e entendemos que o lugar é na comisión da Mesa Sectorial. [Aceptan que a revisión sexa nos servizos centrais mais non que sexa na mesa ou en comisión técnica.](#)

A mellor garantía para os e as participantes é que non se produzan cambios ou sexan mínimos. As xubilacións que se van producir a 31 de decembro coñécense con meses de antelación. Se se fai un bo traballo entre as direccións e a inspección e desta coas OO.SS. as vacantes provisionais deberían ser as mesmas que as definitivas: só terían sentido cambios excepcionais.

Novidades nalgunhas prazas que poden ser ofertadas.

Itinerancias de PT ou AL en IES?

No borrador (base 2ª) cítase a posibilidade de que haxa prazas itinerantes de PT e AL nos IES. **Primeiro**, non estamos de acordo con esta itinerancia; **segundo**, de existiren, deben figurar nun catálogo que sexa coñecido por todo o profesorado destas especialidades.

Non nos gusta como se está a actuar no que ten a ver coa atención á diversidade na secundaria:

- 🗣️ Négase o complemento da ESO a mestras de PT e AL
- 🗣️ Ao tempo, nalgúns casos obrígase a impartir apoio en todas as etapas educativas do IES. [A Consellaría afirma que a normativa estatal así o permite.](#)
- 🗣️ A conselleira anuncia un parche de 20 novas prazas de orientación, co que estamos de acordo, mais nin é suficiente nin responde a unha planificación e negociación da rede de orientación e atención á diversidade.
- 🗣️ Demandamos a creación de prazas definitivas de AL naqueles IES nos que ano tras ano se veñen cubrindo con carácter provisional. [Non aceptan.](#)

Prazas de PTFP en Centros de Educación Especial.

No CADP deste curso déronse 26 prazas de profesorado técnico de formación profesional (PTFP) e 3 de profesorado de educación secundaria (PES) en CEE. Se a Consellaría, tal e como apunta o borrador da orde na Base 6ª, ten pensado adxudicar algún destino definitivo non pode ser sen unha previa difusión xeral entre todo o profesorado, xa

que sería a primeira vez que se dan con destino definitivo prazas de PTFP en CEE.

Ten pensado facer o mesmo con prazas de PES? [Respostan que non. Hai tres prazas no CEE de Panxón mais non teñen pensado dotalas definitivamente.](#)

Do mesmo xeito que non se adxudican de oficio as prazas de CEE para PTFP, nin se entenden como incluídas no código da localidade, solicitamos este mesmo tratamento para o profesorado do corpo de mestres de especialidades diferentes a PT e AL (a día de hoxe hai catalogadas prazas de EM e EF en varios CEE). [Non o aceptan.](#)

Prazas nos CRAs.

Pedimos que todas as prazas dos CRAs sexan itinerantes a efectos do concurso de traslados. [Non o aceptan. El e EP seguirán sen ser consideradas itinerantes e poden ser adxudicadas de oficio.](#)

Prazas de mestres na ESO.

Solicitamos unha relación das prazas actualmente ocupadas por profesorado do corpo de mestres nos diferentes IES e CPI do país.

Lingua

Como apuntamos ao falar do carácter aberto do CXT deste ano, desde a CIG-EnsinO demandamos que todas as especialidades de todos os corpos teñan perfil lingüístico galego, co obxectivo de garantir que o profesorado teña as competencias necesarias para desenvolverse no noso idioma. Esta medida beneficia a todo o profesorado con destino en Galiza, xa que cumpre con ese requisito e garante que quen entre o faga en igualdade de condicións. A día de hoxe só as especialidades de Infantil e Primaria do Corpo de Mestres e Historia e Bioloxía de secundaria, así como todas as específicas da FP. O anos pasado aceptouse para cátedras de música e

artes escénicas. É obvio que non estendelo a todas as demais é unha clara incongruencia.

Levamos anos solicitando que se valore como mérito a impartición de aulas en galego así como dispoñer de titulacións ou formación de nivel superior na nosa lingua. Comunidades como o País Valenciá outorga até 5 puntos por un nivel C2 da súa lingua. Navarra chega aos 3 puntos. [Non o aceptan.](#)

Cuestión xerais sobre a convocatoria de CXT.

Número de prazas solicitadas. Hai dous anos, último concurso de ámbito galego, podíamos solicitar 500 prazas no corpo de mestres e 400 en secundaria. Agora se reducen e se igualan co ano de ámbito estatal. Estamos en desacordo. Especialmente no corpo de mestres é necesario incrementala. [Aceptan volver ás 400 e 500.](#)

Prazas plurilingües. Reclamamos que as prazas plurilingües non saian a concurso pois son un mecanismo anormal para mellorar a colocación e adquirir unha praza definitiva. A provisión destas prazas debe ser como prazas ordinarias. Se se teñen que impartir áreas ou materias con ese perfil debe facerse tendo en conta ao profesorado de cada centro, se existe con esas características con destino definitivo e, de non ser así, con destinos provisionais.

Atopámonos con prazas que son con perfil bilingüe para impartir tan só unha parte mínima do horario do profesorado. Cal é o límite de prazas que se ofertan con perfil bilingüe nun centro plurilingüe cando no catálogo non figuran? Todo conduce á improvisación e a discrecionalidade. A base 12ª di que para acceder ás prazas dos centros plurilingües hai que ter un B2 mais non se identifican que prazas hai en cada centro, polo que non existe ningún control sobre

estas prazas. [Non o aceptan, din que é función das xefaturas territoriais non sacalas se non son plurilingües reais.](#)

Adxudicación de oficio. Logo da mellora introducida o ano pasado (non se adxudican de oficio prazas itinerantes nin con perfil bilingüe), seguimos a reclamar que a **colocación de oficio** debería estar limitada á **especialidade pola que se opositou.** [Non o aceptan.](#)

Comisión de avaliación. Demandamos que o ámbito xeográfico da comisión de avaliación se estenda fóra da cidade de Compostela. [Non o aceptan.](#)

Non debe haber nomeamento a dedo e todos deben ser a sorteo. [Non o aceptan.](#)

Como nos tribunais das oposicións, debe autorizarse a renuncia se se formou parte da comisión nos últimos 4 anos. [Non o aceptan.](#)

Solicitamos que os membros das comisións sexan substituídos desde o primeiro día no seu centro de destino.

Cuestións específicas.

Base 24ª. 1, 2 e 6. Solicitamos reiteradamente que se revise a posibilidade de igualar o procedemento de petición entre o CADP e o CXT, empregando a mesma petición dun único centro para a praza limpa, con perfil bilingüe e con itinerancia, reducindo deste xeito o número total de peticións. [Non o aceptan.](#)

Disposición complementaria 2ª. O ano pasado a Consellaría comprometeuse a estudar a posibilidade legal de puntuar os mestrados propios das universidades, sempre que cumpran cos requisitos legais fixados no RD 1393/2007, cal é a decisión. [Non o aceptan.](#)

Baremo

Para reducir o impacto da meritocracia nos concursos, cando se nega tal posibilidade, só cabe a alternativa de ampliar as posibilidade de acadar méritos, o que nos iguala como docentes. Hoxe isto non é así. O desempeño doutros cargos docentes, o apartado máis común para o profesorado xunto coa formación está limitado: son só 5 puntos, fronte aos 20 por cargo directivo. Queremos reforzar o papel da función docente e non só, como até agora, o da xestión. Unha directora acada 20 puntos en 5 anos, un xefe de estudos precisa 8 anos para chegar a eses 20 puntos. Un titor, un xefe de departamento, unha coordinadora só poden sumar 5. Non hai nada que impida na normativa base do Real Decreto que a Consellaría levante a limitación para o apartado 4.3 (outras funcións docentes). [Non o aceptan ao estar fixado no RD.](#)

Tamén debería puntuarse a **substitución de cargos directivos e coordinación** de ciclos ou xefaturas de departamentos. É un aspecto totalmente discriminatorio e inxusto. [Non o aceptan.](#)

Apartado 1.2. Antigüidade no corpo.

Consideramos que é discriminatorio que o profesorado de linguas do corpo de PES que impartiu nas EOI non se lle puntúe debidamente cando tivo que impartir obrigatoriamente. Cremos que hai marxe legal para puntuara un PES que, desde as listas dese corpo traballou nunha EOI. [Non o aceptan.](#)

Responsábeis de centros de menos de 3 unidades. Que se articule unha solución para que se teña en conta a puntuación que merecen estas persoas responsábeis. [Non o aceptan.](#)

Que se recolla a puntuación do nivel básico das EOI e o Grao elemental de música. [Toman nota mais non se pronuncian.](#)

Apartado 3.1. Doutoramento, posgraos e premios extraordinarios: solicitamos que se computen os **mestrados** propios nas universidades públicas sempre que cumpran cos requisitos homologábeis nas súa duración e contidos aos que teñen os oficiais regulados no artigo 10 do RD 1393/2007. Entendemos que debe indicarse, como noutros apartados, que a puntuación e por **“cada”** mestrado, doutoramento. Entende a Consellaría que a redacción do RD limita esa puntuación? Nós entendemos que non e que a limitación só procede da puntuación de cada apartado e non do número de mestrados.

Obsérvese a incoherencia. Por dous niveis C1 da EOI súmanse 6 puntos. Por dous mestrados o mesmo que por un, 3 puntos.

[Non aceptan as peticións e como en case todos os casos poñendo como impedimento o Real Decreto.](#)

Apartado 3.1.3.(DEA) debería ter a mesma puntuación cós mestrados, pois están equiparados. [Non o aceptan.](#)

Puntuación de composicións. Deben terse en conta tanto as composicións estreadas como as publicadas e ter claros os requisitos en ambos casos, xa que hai tanto estreadas publicadas como non publicadas. Debe garantirse que se poida puntuar todo mérito artístico e fixar criterios claros. No caso das publicadas debe esixirse o ISMN como nas publicacións.

Reiteramos que hai que buscar unha solución para as publicacións feitas no estranxeiro, porque se cadra non teñen Depósito Legal ou ISBN e non se están puntuando. Non parece axeitado excluílas. Debe esixirse o requisito equivalente en cada país. [Están pendentes dunha reunión en Madrid co MEFP e as CC.AA. para revisar todo o relacionado coas publicacións.](#)

Incluír neste apartado os méritos de Arte Dramática e Audiovisuais. Tamén hai problemas co material do proxecto Abalar e non se lle valora a quen os elabora. [Non o aceptan.](#)

Apartado 6.2. Premios e participación en proxectos de innovación debe volver á comisión de baremación porque ten o suficiente nivel de subxectividade como para facelo. [Non o aceptan.](#)

Apartado 6.4. Servizos prestados á Administración. Debe eliminarse do baremo así como a puntuación pola condición de catedrático/a. [Non o aceptan.](#)

Apartado 5. Formación: que se teñan en conta as actividades de contidos de lingua e cultura galega. [Non o aceptan.](#)

Apartado 6.5. Participación nos tribunais. Non parece axeitado que se considere esta puntuación a quen ocupou a presidencia, porque foi a dedo. Que sexa igualmente a sorteo para que se lle poda ter en conta. Até o 2018 puntuábase 0,25. No CXT do ano pasado, e sen pasar pola Mesa, a Consellaría duplicou esa puntuación (0,5), teoricamente por unha decisión adoptada en Madrid. Agora aparece de novo 0,25 e no de Orientación 0,5. [Vano corrixir, poñendo 0,5.](#)

Apartado 6.6. Titorías de mestrados: débese regular o acceso a elas nos propios centros para que, se hai varias persoas que queiran

acceder a esa situación, todas poidan ter ese dereito. [Non se pronuncian.](#)

Novo apartado 6.7. Coñecemento da lingua galega: hai comunidades con lingua propia que teñen desenvolvido este apartado. En Navarra pódense acadar 3 puntos; no País Valenciá 5 puntos. Potenciamos a formación de calidade na nosa lingua entre o profesorado e incorporemos ese recoñecemento nos méritos do CXT. [Están en desacordo.](#)

Linguas.

Temos todos os anos moitas solicitudes de docentes que queren que se lle puntúen as certificacións de idiomas (Trinity, Camões, etc...). O baremo do Real Decreto, no apartado 3.3. límitase a titulacións de ensinanza de réxime especial, o que implica que só se puntúen titulacións de EOI. Solicitamos aclaracións ao respecto. [A Consellaría aclara que só se poden puntuar, nese apartado, as titulacións de réxime especial \(EOI, FP, etc..\) polo que as certificacións que non veñan por esta vía non se poden puntuar.](#)

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal